



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía nº 88/2026, de data 22 de abril de 2026.

Asinado dixitalmente. A Secretaria-Interventora. María Valiña Garrido

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO PRAZAS DE PEÓN PARA A ACTUACIÓN “BRIGADA DE PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE E ESPAZO NATURAL” (Fondo de Compensación Ambiental, liña non competitiva. Anualidade 2026) (EXPEDIENTE 2026/E001/000003)

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal de cinco de peóns a xornada completa, coa finalidade de realizar a actuación de brigada de protección de medio ambiente e espazo natural ó abeiro do Fondo de Compensación Ambiental, anualidade 2026.

Segunda.- Publicidade da convocatoria.

A convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

Terceira.- Tipo de contrato e duración.

En aplicación do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado laboral, o contrato será de duración determinada por circunstancias da produción a xornada completa, por un período de 3 meses iniciándose o día 1 de maio e rematando o día 31 de xullo de 2026.

Cuarta.- Retribucións.

As retribucións a percibir polas persoas a contratar serán de 1.424,50 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Quinta.- Xornada de traballo.

Xornada completa, que se desenvolverá de conformidade coas instrucións do Sr. Alcalde, en atención á natureza do servizo.

Sexta.- Requisitos dos/as aspirantes

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o día da contratación:

- Nacionalidade española ou ser nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opte.
- Estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego, no momento da presentación de solicitude.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

g) Non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

h) Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

De non acreditarse o coñecemento do galego co Celga 1, realizarase unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia).

Sétima.- Presentación de solicitudes.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo, presentaranse, nos modelos oficiais e normalizados que figura como anexo I e II destas bases, dirixidas á Alcaldía da Corporación, dende o día 23 de abril ao día 27 de abril de 2026 ás 14:00 horas. Poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica (<https://sede.manon.es>) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Se consonte este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude e comunicarse simultaneamente ao concello por correo electrónico á dirección correo@manon.es. Esta comunicación será igualmente obrigatoria se se presentara nas oficinas doutras Administracións Públicas. Noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos. Non se admitirán as solicitudes que non se formulen nos modelos oficiais que figura como anexo I e II, con independencia do procedemento utilizado para envialas. Para ser admitido para tomar parte no proceso de selección, bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base sexta desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI ou Tarxeta de Residente.

- Tarxeta de demandante de emprego actualizada que acredite a situación de desemprego no momento de inicio do proceso selectivo.

- Permiso de conducir tipo B.

- Relación dos méritos que aleguen os/as aspirantes segundo o anexo II, á que uniran os documentos xustificativos destes.

Non se tomarán en consideración nin se avaliarán aqueles méritos que non queden debidamente acreditados na forma que se establece nesta convocatoria.

- No seu caso, copia do certificado ou título acreditativo de coñecemento da lingua galega CELGA 1 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014, para os efectos da exención prevista no exercicio correspondente.

Presumirase que a documentación achegada polos solicitantes é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

do proceso. A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do/a solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello para todo o relacionado co proceso selectivo.

Oitava.- Admisión de candidatos

Procurarase que o segundo día hábil seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de solicitudes, como máximo, se acorde, por Resolución da Alcaldía, a admisión e exclusión de candidatos/as, se for o caso, e publicarse inmediatamente a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios electrónico municipal. Durante o prazo dos dous días hábiles seguintes poderanse presentar reclamacións, que, do mesmo xeito, serán resoltas por resolución da Alcaldía o día hábil seguinte a aquel no que finalice o dito prazo. O resultado, coa lista definitiva, publicarse inmediatamente no Taboleiro de Anuncios Electrónico municipal. Esta resolución determinará, así mesmo, o día e hora estimada para o inicio da valoración de méritos e das probas de selección (en función do número de candidatos/as admitidos/as), e procurando tamén que non se demore máis de cinco días hábiles, e así mesmo determinará a composición do órgano de selección. No caso de que se produza a admisión de todos os candidatos presentados, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listas provisionais.

Novena.- Órgano de selección

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, tres Vogais e un Secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto polo art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que será esixible a todos e cada un deles individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan da materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o resto do persoal eventual non poderán formar parte deles. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación de ninguén. Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte destes e de intervir cando concorran algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23.2 da Lei 40/2015. Tampouco poderán formar parte do tribunal os funcionarios que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Os membros do tribunal que estean incurso nalgunha desas causas deberán comunicalo inmediatamente á autoridade convocante, quen resolverá o procedente. Os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. 4

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases. No que respecta á súa constitución e formación de



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

vontade, rexerese pola Lei de procedemento administrativo, estando facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que se puideran plantexar. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décima.- Procedemento e sistema de selección

A selección realizarase polo sistema de concurso-oposición

1.- Fase de concurso: Esta fase non terá carácter eliminatorio. Será valorada cun máximo de 5 puntos, valorándose os méritos alegados polos aspirantes (acreditados nos documentos que acompañen á solicitude) de acordo ao seguinte:

- Pola experiencia profesional no posto de peón (non se terán en conta os servizos prestados como autónomo), poderá concederse ata un máximo de 5 puntos, a razón de 0,10 puntos por cada período de mes completo a xornada completa.

A experiencia profesional xustificárase mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, no que se especifican os días cotizados en cada contrato, que serán os que teñan en conta, no seu conxunto, con independencia de que correspondan a un ou varios contratos, (en períodos de 30 días) para valorar e puntuar a experiencia laboral sen computar como días cotizados os de vacacións retribuídas e non desfrutadas nin os contratos de prácticas, formación e aprendizaxe; e os correspondentes contratos de traballo, prórrogas, tomas de posesión como funcionario, certificado de servizos prestados expedido pola Administración correspondente, ou calquera outro documento válido en dereito que o probe suficientemente (sentencias, resolucións de expedientes regulación de emprego, expedientes administrativos, nóminas...). No caso de que coa documentación presentada non se acredite o obxecto da contratación ou relación con claridade e precisión, non se terán en conta os méritos que se aleguen. Se os documentos acreditativos de calquera dos méritos alegados ofrecen dúbidas, non se terán en conta os méritos que se pretendan acreditar. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias; ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente nese mesmo prazo, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos aos que se refiren.

2.- Fase de oposición:

Puntuación máxima: Ata 10 puntos. Puntuación mínima 5 puntos.

Consistirá na realización dunha proba ou varias probas relacionadas coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, propostas polo Tribunal de selección. A duración máxima da proba será de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados en chamada única, por orde alfabética, e deberán presentarse co DNI. Se non comparecen decaerán automaticamente no seu dereito.

3.- Proba oral de coñecemento da lingua galega. Para os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega. O presente exercicio cualificarase como apto ou non apto. A cualificación na proba como non apto supón a exclusión do candidato do procedemento de selección. Consistirá na tradución oral directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 20 minutos. Os textos serán elixidos polo



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba.

Décimo primeira.- Selección.

O órgano de selección reunirse, no día e á hora determinados polo Sr. Alcalde, para levar a cabo o proceso de selección, que se iniciará realizando a proba da fase de oposición e a continuación a valoración dos méritos, e, no seu caso, a proba oral de galego.

A puntuación final do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas por cada candidato na valoración dos méritos alegados e na proba práctica. En caso de empates, estes resolveranse a favor dos aspirantes que maior puntuación obtivesen na proba práctica e, en segundo lugar, no apartado relativo á experiencia profesional e, de persistir, o órgano de selección efectuará un sorteo público, nas oficinas municipais. A orde definitiva dos aspirantes seleccionados virá determinada pola puntuación obtida ao final do proceso. Non poderán superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

O Tribunal elevará á Alcaldía, a listaxe dos aspirantes pola orde de puntuación, coa proposta de nomeamento dos aspirantes que obtiveran a maior puntuación. Os aspirantes non propostos e, que superasen o proceso, formarán a bolsa de emprego, para a cobertura de posibles baixas por incapacidade temporal, vacacións, renuncias ou outras continxencias sobrevidas dos candidatos seleccionados. O resultado publicarase no Taboleiro de anuncios electrónico municipal (sito na web do concello www.manon.es e na sede electrónica municipal sede.manon.es) para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados.

Os/As interesados/as disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados dende o día seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Mañón.

Rematado o prazo indicado, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación.

Esta resolución será publicada no Taboleiro de anuncios electrónico municipal (sito na web do Concello www.manon.es e na sede electrónica municipal sede.manon.es) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Décimo segunda.- Incorporación das persoas seleccionadas.

As persoas que resulten seleccionadas, dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación do resultado no Taboleiro de Anuncios Municipal, tendo tal publicación efectos de requirimento, deberán achegar a seguinte documentación:

-Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

Unha vez achegada a documentación, serán nomeados, por resolución da Alcaldía, persoal laboral temporal do concello para o cargo para o que foran seleccionados e, previa sinatura do correspondente contrato e alta na Seguridade Social, haberán de incorporarse ao seu posto.

Quen dentro do prazo de tres días indicado, salvo causa de forza maior, non presentara a documentación, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incorrer por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

Coa finalidade de axilizar os trámites, os chamamentos ou requirimentos aos seguintes candidatos efectuaranse, preferentemente, a través do teléfono, fax ou correo electrónico declarados polos aspirantes. Utilizarase inicialmente a vía telefónica, contactándose con eles no número de teléfono que deixen de referencia na solicitude, pasando ao seguinte candidato no suposto de que no se contactase co que correspondera despois de tres chamadas en horas diferentes ao longo de dous días.

Terá que constar no expediente, mediante dilixencia ou, no seu caso, coa confirmación do fax remitido ou correo electrónico.

Os chamamentos realizaranse segundo a orde sinalada no punto anterior.

As listaxes permanecerán en vigor mentres durante o prazo en que este en vigor a presente contratación e para os únicos efectos de cubrir vacacións, baixas e outros imprevistos.

Décimo terceira.- Réxime xurídico

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Texto refundido da Lei do emprego RDL 3/2015 do 23 de outubro.

Décimo cuarta.- Impugnación.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO I

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE MAÑÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO PRAZAS DE PEÓN PARA A ACTUACIÓN “BRIGADA DE PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE E ESPAZO NATURAL” (Fondo de Compensación Ambiental, liña non competitiva. Anualidade 2026) (EXPEDIENTE 2026/E001/000003)

D./D.^a _____ con
DNI _____, con domicilio para os efectos de notificación en
_____ e correo electrónico _____
teléfono _____

EXPOÑO:

PRIMEIRO.- Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mañón para a contratación laboral temporal indicada.

SEGUNDO.- Que desexo tomar parte na dita convocatoria para o que achego a seguinte documentación:

Fotocopia do DNI, ou Tarxeta de Residente.

Permiso de conducir tipo B.

Celga 1.

Tarxeta de demandante de emprego.

TERCEIRO.- Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita convocatoria.

CUARTO.- Que autorizo ao Concello de Mañón para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na web do Concello de Mañón ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

De acordo co establecido nas bases da convocatoria

DECLARO:

1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos para participar esixidos na convocatoria.

2.- Que estou capacitado/a para o desempeño do posto.

3.- Que non estou incurso/a en prohibición para me contratar nin en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente.

4.- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estou inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

5.- Que non me consta que padeza enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opto.

SOLICITO: Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Mañón, ____ de _____ de 2026

Sinatura

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MAÑÓN.

De conformidade co disposto na Lei de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Mañón, cuxa finalidade é a súa xestión para a tramitación do proceso selectivo convocado. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO II

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE MAÑÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO PRAZAS DE PEÓN PARA A ACTUACIÓN “BRIGADA DE PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE E ESPAZO NATURAL” (Fondo de Compensación Ambiental, liña non competitiva. Anualidade 2026) (EXPEDIENTE 2026/E001/000003)

RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA

D./Dna. _____

DNI.: _____

Informe de vida laboral actualizado.

Contratos de traballo.

Certificado de servizos prestados expedido pola Administración correspondente.

Mañón, _____ de _____ de 2026

Sinatura

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MAÑÓN

De conformidade co disposto na Lei de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Mañón, cuxa finalidade é a súa xestión para a tramitación do proceso selectivo convocado. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei.